


Mapa da Comarca da Limia

PUNTOS DE INTERESE TURÍSTICO



- ### Rotas de Sendeirismo
1. Rota da Gorgonzola
 2. Rota Franciscana (Pena, Trandeiras)
 3. Rota do Río de Faramontaos
 4. Rota conxunto de igrexas románicas da limia
 5. Camiños Serra de San Mamede
 6. Rota da Fervenza (Río Ferveda, A Forxa)
 7. Serra do Xures (Os Blancos)
 8. Rota da nascente do Limia (Sarreaus)
 9. Camiños da fronteira "A Rousía" (Baltar)
 10. Serra do Larouco

Puntos de Interese

1. As Areeiras (*Galicja Birding a Limia, Turismo ornitolóxico*)
2. Museo Etnográfico da Limia
3. Pobo Escola CDR O VISO
4. Centro de Interpretación de Congostro
5. Miliarios Romanos (*Vilariño de Poldras*)
6. Torre de Sandiás
7. Igrexa Románica
8. Albergue Peregrinos "Via da Prata"
9. Casa da Lagoa (*Centro Interpretación da Antiga Lagoa de Antela*)
10. Centro Ecuestre da Deputación de Ourense "Antela" Escola Ecuestre, hipódromo.
11. Pedra Alta
12. Igrexa e Cruceiro Morgade
13. Torre de Pena
14. Mosteiro e Claustro do "Bo Xesús", igrexa cruceiro e contorna natural
15. Albergue de peregrinos "Vilar de Barrio"
16. Torre da Forxa
17. Pazo de Gudes
18. Museo Aberto do "Couto Mixto"
19. Pazo de Damil
20. Igrexa de San Pedro de Laroá e Seoane
21. A Ponte de Faramontaos
22. Castro de San Millán
23. Vila turística recuperada de Couso (*Sarreaus*) turismo rural
24. Casa do Mosteiro (*Turismo Rural*)
25. Carballa da Rocha (*Arbores senlleiros de Galicia*)
26. O Castelo (*A Sainza*)

Xinzo de Limia na historia

Asentase nas antigüsimas terras da Limia, a carón da desaparecida Lagoa de Antela e do río Limia que os Romanos identificaron como o mítico Lethes, Flumen Oblivionis ou río do Esquecemento, é una vila de fundación romana nunha encrucillada de camiños e vías próximos á Via Nova ou Via XVIII do Itinerario Antonino, rodeada de poboados castrexos que pouco a pouco foron quedando baleiros, asentándose os seus moradores na Civitas Limicorum, o centro administrativo e comercial da contorna.

Xinzo foi o Foro Limicorum do que existen numerosos vestixios arqueolóxicos. Capitalidade dos pobos Límicos, cidade natal de Ildacio Bispo de Chaves, (Hydatius, 390 - 469) autor do Cronicon do mesmo nome, e, segundo a tradición, lugar de nacemento no 123 da nosa era, de Santa Mariña de Augas Santas, patrona da Vila cuxa festividade celébrase cada 18 de Xullo.

A cidade dos Límicos foi destruída probablemente coa chegada dos suevos. As súas ruínas anegadas polas enchentes do río Limia puideron dar lugar á lenda da Cidade de Antioquia que, según se di, dorme baixo as augas da Lagoa de Antela.

Cos séculos, o lugar que ocupaba o Foro, volveu rexurdir como importante enclave de intercambio comercial. Súas feiras e mercados gozaron e seguen a ter na actualidade gran renome en boa parte de Galicia, Castela e mesmo no veciño Portugal.

Escenario de innumerables batallas entre España e Portugal, permaneceu baixo dominio portugués por un breve espazo de tempo cando o Rei Afonso Enríques conquista no 1130, parte do sur de Galicia e as terras da Limia, e coa axuda do Tenente da Limia Rodrigo Pérez incorpora o Castelo de Celme a súa Coroa. Estas terras foron testemuña do trasfego de expedicións militares a medio camiño entre as fortalezas de Monterrei e Allariz e rodeada por decenas de fortalezas que defendían a fronteira co veciño Portugal.

A partires do rei Afonso IX aparecen as primeiras referencias como "Geinzo" ou "Jínzo", das que hai constancia ata hoxe, primeiro sendo vila de "Realengo" venciada o linaxe dos Viedma e máis tarde como vila de "Señorío pertencente a casa dos Zúñiga Condes de Monterrei.

A xurisdición de Xinzo de Limia pertencía o famoso Couto Mixto, sobre o que o Xulgado de Xinzo exercía funcións, xunto con Montalegre, fundamentalmente de administración de xustiza para encausamentos maiores.

No século XVI (1570) xa existía a reconecida "Feira cuberta", un recinto feiral pechado segundo o modelo das actuais prazas de abastos, con máis de sesenta tendas e postos fixos construídos con grandes lousas a xeito de mostradores; Recinto que foi demolido coa apertura da estrada Vigo-Villacastín, no século XIX. A "Feira cuberta" de Xinzo, que sufragaba boa parte dos gastos do Hospital de Peregrinos de Monterrei, era un referente no abastecemento de panos (sobre todo de liño), produtos de horta, alfaria, todo tipo de apeiros e ferramentas, guarnicioneria, calzado e aínda mercería e prateria.

Xunto con este mercado tiñan lugar, por desdoblamento das rentas que se obtiñan, as feiras ao ar libre no Toural. Estas feiras destacaban sobre todo polo mercado de cereais (a Limia era chamada "Palla Aurea", o graneiro de Galicia), pero sobre todo e particularmente polas feiras de gando. Entre o bovino era moi demandada a "raza limiá" e no equino os famosos "Alfaraces da Limia", équido robusto e resistente de pequeno tamaño, utilizado incluso na cabalería militar.

Durante a Revolución francesa, a vila quedou seriamente afectada cando máis de 20.000 soldados comandados polo mariscal Soult a devastaron, sufrindo a poboación local dramáticas consecuencias, morrendo na batalla da Ponte de Antela, ou asasinados en posteriores represalias dos franceses, preto de 400 limiaos.

A partires do século XVIII empezouse a utilizar e estender o cultivo da pataca que na actualidade goza dun gran prestixio nacional e internacional pola súa excelente calidade. Destacan as variedades de "Agra" e "Kenebeck", esta última acollida á denominación de orixe "Pataca de Galicia" cuxo Consello regulador ten a súa sé na propia vila.

O crecemento económico do século XIX propicia que se instalen na poboación algunhas familias de comerciantes de Castela, o que se traduce nun grande desenvolvemento urbanístico. Nesta época, o Correxidor Xulián Toubes Salgado aborda innumerables obras e melloras cuxa pegada chega ata os nosos tempos, tales como o enlousado da Rúa Real e da Praza Maior, a construción do antigo cárcere e de varias fontes así como melloras nas pontes e camiños que se deben á súa inxente labor como Correxidor da vila.

Xinzo de Limia na actualidade

É un concello do sur da provincia de Ourense, con 34 núcleos e unha poboación de 10.000 limiaos (límicos ou anteláanos). E unha poboación moderna con sabor rural, famosa polo seu Entroido tradicional, e atravesada polo Camiño Xacobeo- Via da Plata, cun atractivo albergue de peregrinos.

Entre as festas e o patrimonio destacan, O ENTROIDO, que foi declarado festa de interese turístico Internacional no ano 2019, é a festa máis importante e tradicional da vila. Comprende cinco fins de semana coas celebracións do Petardazo, Fareleiro, Colgamento do Meco, Oleiro, Corredoiro, Desfile infantil, Entroido, Queima da sardiña e Piñata; polo que se pode afirmar que é o ciclo tradicional máis completo e longo dos carnavales coñecidos.

É un Entroido moi participativo e cunha serie de tradicións mui diversas, onde a máscara, A Pantalla, é a figura propia e singular da vila, que lle da emoción e sentimento, enchendo as rúas de ritmo, colorido e sonoridade.

Na oferta turística, conta ademais coa FESTA DO ESQUECIMENTO, que recrea a historia narrada por varios autores clásicos do cruce do río Lethes por as lexións Romanas no ano 138 a.C. comandadas polo cónsul Décimo Xuño Bruto, chamado "o Galaico", acontecemento que se celebra cada ano no penúltimo fin de semana de agosto e que conta con innumerables atractivos ademais de escenificacións, circo e campamento Romano e poboado Castrexo .

Outra das ancestrais e singulares tradicións é a das DANZAS DA FESTA DA SANTA CRUZ DE AS LAMAS, nas que os danzantes, xoves solteiros do pobo, fan danza de paus e trenzados ao son de antigas melodías na procesión da Santa Cruz.

Conta con singulares referentes musicais, O MUSEO GALEGO DO ENTROIDO, e a exposición permanente a redor da figura literaria e dos MUNDOS DE CARLOS CASARES.

No patrimonio Arquitectónico compre subliñar O Mosteiro do Bo Xesús de Trandeiras Manuelino do S.XVI, e a Torre-fortaleza de Pena do S.XII, na que a tradición recolle como posible lugar de nacemento de Inés de Castro a mítica raíña de Portugal da Quinta das Bagoas. Tamén destaca o importante Conxunto de Igrexas Románicas, entre elas a de Xinzo de Limia do S.XII, e a de Seoane de Oleiros con impresionantes frescos do século XVI.

No eido da Cultural goza dunha rica e variada oferta de formación e participación musical: Un Conservatorio Profesional de Grao medio, unha Escola Municipal de Gaitas e Percusión, coas correspondentes Bandas de Gaitas, unha Escola de Música, varias corais polifónicas e un Coro de música tradicional, varias charangas e a chamada Agrupación Musical da Limia, coa reconecida banda infantil. Tamén son dignas de mención varias escolas ou centros de baile e danza que teñen gran raizame na vila.

No deportivo conta con múltiples entidades deportivas entre as que destacan o Antela C.F. dos Clubs mais antigos de España fundado no 1.919, as Escolas municipais deportivas, e o Club de atletismo Limia activa. Varias rutas de sendeirismo para os amantes das camiñadas, percorren o Concello, torneos hípicas e concursos ecuestres, no hipódromo de Antela, e campións e eventos deportivos de primeiro nivel de atletismo, fútbol, ximnasia rítmica, natación e outros deportes durante o ano conforman unha ampla oferta, variada e de calidade.

Na economía do Concello e da comarca, prima o sector primario, destacando a produción de pataca, con máis de 100 millóns de quilos anuais; de cereais que supoñen o 80% da produción galega, de produtos de horta como a cebola, cun millón de quilos anuais, uo os produtos ecolóxicos que tamén están a desenvolver unha crecente actividade.

A comarca da Limia é unha das grandes produtoras de Galicia de gando, especialmente bovino e porcino, pero tamén de polos, galiñas (ovos) e aves para a recría de pollos. A produción láctea sitúase a redor dos tres millóns de quilos de leite, preto do 2% da produción total de Galicia. No sector industrial conta cun parque empresarial nunha localización inmejorable no que están instaladas na actualidade máis de corenta empresas e para o que está en marcha unha ampliación de 26 parcelas para uso industrial e comercial. O sector comercial e de servizos ten tamén ten unha importante incidencia no desenvolvemento local, por ser un dos que xera máis riqueza, empregos e auto empregos na poboación.

www.xinzodelimia.gal



Puntos de Interese A LIMIA

Tradición

Xinzo de Limia #UnSentimento

Patrimonio

Fauna



Mapa de Xinzo de Limia

PUNTOS DE INTERESE TURÍSTICO

- CASA DO CONCELLO / AYUNTAMIENTO:**
Dirección: Rúa Curros Enríquez, 15
Teléfono: 988 55 01 11
- CASA DE CULTURA, BIBLIOTECA, AUDITORIO MUNICIPAL E OFICINA DE INFORMACIÓN XUVENIL**
Dirección: Praza Carlos Casares
Teléfono: 988 46 14 42
- ASOCIACIÓN CIVITAS LIMICORUM: A FESTA DO ESQUECIMENTO**
facebook.com/civitas.esquecemento/
m.me/civitas.esquecemento
civitaslimicorum@hotmail.es
- ASOCIACIÓN A PANTALLA, O ENTROIDO**
Dirección: Rúa Ladeira
Mail: asociacionapantalla@gmail.com
- MUSEO GALEGO DO ENTROIDO: MUGAE**
Dirección: Rúa Dous de Maio, 27
Teléfono: 988 68 06 90
museogalegoentroido@gmail.com
- MUSEO CARLOS CASARES**
Dirección: Rúa Dous de Maio, 27 Xinzo de Limia
Teléfono: 988 68 06 90
- ALBERGUE DE PEREGRINOS DE XINZO DE LIMIA**
Dirección: Rúa Serra de San Mamede 6, Xinzo de Limia
Teléfono: 616 94 24 70
- ESCOLA DE GAITAS E PERCUSIÓN**
Dirección: Rúa de Lepanto, 3, Xinzo de Limia
Teléfono: 988 46 26 75
- ESCOLA DE MUSICA ESMULI, AGRUPACIÓN MUSICAL DA LIMIA**
Dirección: Rúa ladeira, 6
Teléfono: 607 07 26 53, 616 84 81 41, 666 83 33 56
contacto@amdlimia.com, amdlimia@gmail.com
www.amdlimia.com
- CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MUSICA**
Dirección: Plaza Carlos Casares
Teléfono 600 43 56 55
cmus.profesional.xinzo@edu.xunta.es
- PARADA DE TAXIS**
Dirección: Avda. de Ourense, s/n
Estación de Autobuses
Teléfono: 988 46 03 09
- ESTACIÓN DE AUTOBUSES**
Dirección: Av. Ourense, s/n
Teléfono: 988 46 23 65
- OFICINA INFORMACIÓN AO CONSUMIDOR**
Curros Enríquez, 15
Teléfono: 988 55 01 11
- ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES PROLIMIA**
https://www.facebook.com/PRO-LIMIA
m.me/1793420054306686
prolimia@gmail.com
- PARQUE EMPRESARIAL XINZO DE LIMIA**
Concello de Xinzo de Limia: Teléfono: 988 55 01 11
Xestur: Teléfono: 988 78 86 83
E-mail: unidade.sur@xesturgalicia.com
- PARROQUIA DE XINZO DE LIMIA**
Teléfono: 988 46 02 22
santamarinaxinzo@telefonica.net
- SERVIZOS SOCIAIS**
Dirección: Avda. de Ourense, 19 (Estación de Autobuses)
Teléfono: 988 55 05 28
- CRUZ VERMELLA**
Dirección: Avenida de Ourense, 19. Edif. Servizos Sociais.
Teléfono: 988 46 25 41
- POLICÍA LOCAL**
Dirección: Curros Enríquez, 15
Teléfono: 98846 24 25
Movil: 626 99 80 60
- GUARDIA CIVIL**
Dirección: Rúa da Ladeira, 8
Teléfono: 988 46 23 61
- CENTRO DE SAÚDE**
Dirección: Rúa da Ladeira, 6
Teléfono: 988 46 25 36
- AGRUPACIÓN PROTECCIÓN CIVIL DE XINZO**
Dirección: Avda. de Ourense, s/n (Est. de Autobuses)
Telf. 629 47 08 12
- PARQUE DE BOMBEIROS / EMERXENCIAS 112**
Dirección: Av. de Ourense, 184
Teléfono: 988 46 25 38
- PAZO DOS DEPORTES**
Dirección: Dous de Maio, s/n
Teléfono: 988 461 020
- PISCINA CLIMATIZADA MUNICIPAL**
Dirección: Rúa Dous de Maio, 72
Teléfono: 988 55 05 07
- ANTELA FÚTBOL CLUB, CAMPO DE FÚTBOL DA MOREIRA**
https://www.facebook.com/antela.fc1971/
https://www.siguetuliga.com/club/antela-cf
Teléfono: 658 46 81 59 m.me/antela.fc1971
- ASOCIACIÓN SENDERISTAS SENDALIMIA**
Dirección: Pavillón de Deportes de Xinzo de Limia
Teléfono: 698 18 67 47 / 988 46 10 20
facebook Sendalimia
- ASOCIACIÓN DEPORTIVA LIMIACTIVA**
m.me/ADLIMIACTIVA
limiactiva@gmail.com
http://www.limiactiva.com
- CDR O VISO**
Dirección: Rúa Ladeira, 21
Teléfono: 98 46 15 71
- IXP PATACA DE GALICIA**
Dirección: Avda. Madrid, 0
Teléfono: 988 46 26 50



VIA DA PRATA
Camiño de Santiago
por Couso de Limia e Sandiás
cara Allariz

VIA DA PRATA
Camiño de Santiago
dende o pobo de Boado

